

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E COMPETITIVIDADE

**12725** *Real decreto 874/2017, do 29 de setembro, polo que se regula o apoio oficial en forma de subvención ao tipo de xuro dos créditos para a construción de buques.*

Historicamente, os estaleiros españois fabricaron nas súas instalacións gran diversidade de tipoloxías de buques, cun elevado compoñente de innovación tecnolóxica. A alta calidade dos seus produtos e a adaptabilidade ás encargas á medida realizadas polos armadores fixeron que o sector da construción naval español sexa actualmente identificado no ámbito internacional como un sector de produtos de alto grao de diferenciación. O sector ten un compoñente netamente exportador e, como mostra, cabe dicir que acadou en 2014 unha taxa de exportacións do 94 %. Ademais, goza dun bo posicionamento internacional nalgunhas das tipoloxías de buques máis construídas no noso país.

O sector soubo adaptarse e sobrevivir ás continuas dificultades a que se enfrenta de forma permanente no difícil e globalizado ámbito internacional. A baixada do prezo do petróleo impactou tamén seriamente no sector, concentrado nos últimos anos na construción de buques «offshore» de apoio ás plataformas petrolíferas e a súa actividade relacionada, polo que se ve agora obrigado de novo a realizar un enorme esforzo nos próximos anos para diversificar os seus produtos.

A superación destas continuas dificultades ao longo do tempo foi posible, entre outras razóns, polo apoio oficial dado polo Real decreto 442/1994, do 11 de marzo, sobre primas e financiamento á construción naval. Este real decreto, coas súas sucesivas modificacións, establece un marco de apoio institucional que permite mellorar a competitividade dos estaleiros por medio da concesión directa de axudas a través de dous instrumentos: as axudas horizontais a I+D+i e as facilidades crediticias á construción naval. O Real decreto 442/1994, do 11 de marzo, desenvólvese mediante a Orde do 26 de setembro de 1994 pola que se aproba o Regulamento de primas e financiamento á construción naval.

O Real decreto 442/1994, do 11 de marzo, adaptouse á Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, mediante o Real decreto 1511/2005, do 19 de decembro. As dúas últimas modificacións do Real decreto 442/1994, do 11 de marzo, producíronse mediante o Real decreto 237/2013, do 5 abril, para adecualo ás normas do dereito da Unión Europea naquel momento, e o Real decreto 701/2013, do 20 de setembro, de racionalización do sector público, polo que se suprime a Xerencia do Sector da Construción Naval e se modifica consecuentemente o Real decreto 442/1994, do 11 de marzo.

Tras os numerosos anos de aplicación, o Real decreto 442/1994, do 11 de marzo, acumulou unha excesiva lista de sucesivas modificacións e adaptacións, polo que cómpre a súa consolidación. Igualmente, os últimos cambios desde 2013 na normativa comunitaria reguladora das axudas ao sector aconsellan unha nova revisión da súa redacción. Tamén o último real decreto modificativo, o Real decreto 701/2013, do 20 de setembro, xa aconsellaba a aprobación dun novo texto do Regulamento de primas e financiamento á construción naval que substituíse o anterior, ben que se optou finalmente por incluír as disposicións do citado regulamento reformado dentro deste real decreto, unificando todo nun mesmo texto e derogándoo.

O último Marco de axudas comunitario para o sector (2011/C 364/06) recollía explicitamente a posibilidade de aplicar ao sector as condicións do «Acordo de 1998 sobre directrices en materia de créditos á exportación con apoio oficial» da OCDE (Acordo da OCDE) e o seu anexo «Acordo sectorial sobre créditos á exportación de buques» (novo acordo sectorial). Este acordo da OCDE está agora incorporado á normativa comunitaria

mediante o Regulamento (UE) n.º 1233/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de novembro de 2011, relativo á aplicación de determinadas directrices en materia de créditos á exportación con apoio oficial. Tras a finalización do Marco, cómpre igualmente actualizar as referencias normativas.

Os dous instrumentos de apoio ao sector que aínda permanecen no Real decreto 442/1994, do 11 de marzo, sepáranse e regúlanse mediante dous novos reais decretos específicos, un para a subvención ao tipo de xuro e outro para as axudas en materia de I+D+i con cargo ao Fondo de reestruturación. Estes novos reais decretos permiten derrogar o Real decreto 442/1994, do 11 de marzo.

Este real decreto ten, por tanto, o fin de adaptar a norma nacional reguladora dos apoios ao sector aos últimos cambios normativos comunitarios e consolidar as modificacións que se produciron no texto, mantendo o apoio oficial aos créditos concedidos por entidades de crédito aos armadores nacionais ou estranxeiros, a estaleiros e a terceiros, cos límites e condicións sinalados no Acordo da OCDE; iguálanse así as condicións en que compiten os nosos estaleiros no mercado internacional e favorécese a actividade exportadora deste sector.

Ademais, de acordo coa práctica do mercado, e nas condicións que este fixe, as subvencións ao tipo de xuro dos créditos con apoio oficial poderán ser obxecto de desconto por entidades de crédito, co que se transformarán nun beneficio directo para a operación; cúmprese así o obxectivo fixado no Acordo da OCDE. Así mesmo, prevese a posibilidade de que unha sociedade do grupo, multigrupo ou asociada do acreditado asuma as obrigacións derivadas do crédito con apoio oficial con anterioridade á entrega do buque, co fin de outorgar flexibilidade aos acreditados para organizar o financiamento das súas actividades.

Por outro lado, mantense a posibilidade do libramento do pagamento da subvención mediante a cesión a un terceiro do seu cobramento de forma irrevogable, como xa sucedía coa normativa que agora se derroga, o que permite que a subvención sexa recibida polo beneficiario no momento da súa devindicación. A cesión pódese realizar a favor dun terceiro, incluído Pequeños y Medianos Astilleros, Sociedad de Reconversión, S.A. (Pymar), na súa condición de órgano de xestión do subsector de pequenos e medianos estaleiros, de acordo co artigo 10.1 do Real decreto 1271/1984, do 13 de xuño, sobre medidas de reconversión do sector de construción naval.

Ao igual que o Real decreto 442/1994, do 11 de marzo, mantense a concesión directa na medida en que a concorrencia competitiva se mostra totalmente inadecuada para este tipo de actuación, xa que quedarían contratos de financiamento de buques asinados sen coñecer a realidade das súas condicións de financiamento e, por tanto, quedarían en desvantaxe evidente ante contratos asinados noutros países que si poden ofrecer esas condicións de financiamento e coñecelas previamente á sinatura dun contrato de construción.

Por isto, a estas axudas resúltalles de aplicación o previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, relativo ás axudas en réxime de concesión directa, e cómpre un real decreto que, de conformidade co artigo 28.2 da referida lei, aprobe as normas especiais das subvencións reguladas no citado artigo 22.2.c) e dea continuidade ao anterior real decreto regulador das axudas ao sector.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía, Industria e Competitividade, logo de informe do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de setembro de 2017,

DISPOÑO:

#### Artigo 1. *Obxecto e ámbito.*

1. Constitúe o obxecto deste real decreto a regulación do apoio oficial en forma de subvención ao tipo de xuro dos créditos concedidos por entidades de crédito a armadores nacionais ou estranxeiros, a estaleiros e a terceiros para a construción ou transformación de buques en estaleiros españois.

2. As citadas subvencións outorgaranse en réxime de concesión directa por solicitude dos interesados, atendendo ao seu carácter singular polo seu interese público, económico e social derivado das particulares circunstancias económicas e sociais do sector naval orixinadas polas especiais condicións de competencia no mercado mundial, e ao abeiro do disposto nos artigos 22.2.c) e 28 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### Artigo 2. *Réxime xurídico.*

As axudas a que se refire este real decreto rexeranse, ademais de polo disposto nel, polo establecido nas seguintes normas:

- a) Regulamento (UE) n.º 1233/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de novembro de 2011, relativo á aplicación de determinadas directrices en materia de créditos á exportación con apoio oficial.
- b) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- c) Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.
- d) Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.
- e) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- f) As demais disposicións que resulten de aplicación.

#### Artigo 3. *Beneficiarias.*

1. Poderán ser beneficiarias do apoio oficial aos créditos en forma de subvención ao tipo de xuro as entidades financeiras ou de crédito que concedan créditos aos armadores nacionais ou estranxeiros, a estaleiros e a terceiros, para a construción ou transformación de buques en estaleiros españois (en diante, acreditados), é dicir, as empresas de construción naval autorizadas en España para a construción de buques de casco metálico de máis de 100 GT que dispoñan da autorización administrativa prevista na disposición adicional décimo oitava da Lei 31/1990, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1991.

2. Non poderán ter a condición de beneficiarias as persoas ou entidades en que conorra algunha das circunstancias enumeradas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, así como as que teñan pendentes obrigacións de reintegro de subvencións ou axudas.

3. Non poderán obter a condición de beneficiarios as empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente, tras unha decisión previa da Comisión Europea que declarase unha axuda ilegal ou incompatible co mercado común.

4. Para os efectos indicados nos dous números precedentes, deberanse achegar, nos termos previstos nos artigos 22, 25 e 26 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, os correspondentes certificados e declaracións responsables alí regulados.

5. Son obrigacións das beneficiarias as indicadas no artigo 14 de Lei 38/2003, do 17 de novembro, e das administracións públicas, as do artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

#### Artigo 4. *Financiamento.*

O apoio oficial aos créditos en forma de subvención ao tipo de xuro financiarase con cargo ás partidas orzamentarias para tal efecto do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade.

Artigo 5. *Actuacións susceptibles de axuda e características de financiamento.*

1. Os criterios de acceso e procedemento aplicables ás axudas en forma de subvención ao tipo de xuro para a construción ou transformación de buques de casco metálico en estaleiros españois regúlanse neste real decreto.

Para os efectos de determinar o ámbito de aplicación e as condicións do crédito subvencionado, no non previsto neste real decreto será de aplicación o disposto no Acordo sectorial sobre créditos á exportación de buques, aprobado no marco da OCDE e recollido no anexo 1 do Regulamento (UE) n.º 1233/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de novembro de 2011, relativo á aplicación de determinadas directrices en materia de créditos á exportación con apoio oficial e, no non expresamente regulado polo dito acordo sectorial, aplicarase o Acordo de 1998 sobre liñas directrices en materia de crédito á exportación con apoio oficial da OCDE, tamén aprobado no dito marco e recollido no dito regulamento.

2. As actuacións susceptibles de axuda serán os créditos para a construción ou transformación de buques de casco metálico que se concedan aos armadores nacionais ou estranxeiros, a estaleiros e a terceiros, para a execución de construcións e transformacións definidas no citado acordo sectorial. Os créditos deberán estar denominados en euros.

3. O importe do crédito subvencionado será, como máximo, o 80 por cento do valor do buque. O valor do buque será determinado pola Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa e non poderá ser superior ao prezo do contrato de construción ou transformación máis os xuros, aos cales debe facer fronte o prestameiro, descontado o apoio oficial, devindicados no crédito ata a data prevista de entrega do buque, cun límite máximo destes xuros do 5 por cento do prezo do contrato de construción ou transformación do buque.

4. O período máximo de amortización dos créditos será de doce anos, contados a partir da data que se fixe para a entrega da construción ou transformación, a intervalos regulares, normalmente de seis meses e como máximo de doce meses.

5. Os xuros deberanse pagar en intervalos de duración non superior a seis meses. O primeiro pagamento deberase efectuar, como máximo, aos seis meses da data prevista de entrega do buque.

6. O tipo de xuro, a que debe facer fronte o prestameiro, descontado o apoio oficial, será como mínimo o tipo de xuro comercial de referencia (CIRR) do euro na data da súa formalización, de acordo co artigo 19 do Regulamento (UE) n.º 1233/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de novembro de 2011.

7. Estes créditos poderán concedelos entidades de crédito, ben separadamente ben mediante formación de créditos sindicados.

8. Entenderase como crédito susceptible de axuda aquel en que a entidade de crédito se obrigue a acreditar a entrega ao acreditado da cantidade obxecto do crédito para a construción ou transformación do buque, e o acreditado a asumir as obrigacións de reembolso e custos financeiros inherentes. Considerarase que o crédito susceptible de axuda foi destinado para a construción ou transformación do buque na medida en que se acredite que o buque se construíu e entregou ao armador. Para tal fin, só serán susceptibles de axuda aqueles créditos para os cales as garantías de natureza pecuniaria exixidas, de ser o caso, ao acreditado non excedan o 80 por cento do importe total do crédito. Na parte en que non sexan pecuniarias, poderase constituír calquera outro tipo de garantía, incluídos hipotecas, avais, obrigas de pagamento ou calquera outro tipo de activos financeiros.

9. Non será admisible a subrogación de terceiros na situación xurídica do acreditado ou a asunción por terceiros das súas obrigacións derivadas do crédito ata que estea acreditada a entrega do buque, salvo que a asunción de obrigacións se realice cunha sociedade do grupo, multigrupo ou asociada do acreditado, para a cal unicamente se deberá comunicar tal asunción ao órgano instructor a través do formulario electrónico que

presenta a entidade de crédito para a solicitude da subvención, conforme o establecido no artigo 7. Tras entregar o buque, o beneficiario poderá solicitar a autorización do órgano instrutor para que a devolución do crédito vivo a asuma unha entidade de crédito, unha compañía do grupo mercantil desta ou un terceiro. Á solicitude xuntaráselle un certificado de asunción de débeda polo cal a entidade que corresponda asuma de forma irrevogable o importe da débeda viva do crédito, aceptando expresamente todas e cada unha das características do crédito obxecto da subvención ao tipo de xuro. Unha vez recibido este certificado, o órgano instrutor, tras as oportunas comprobacións, entre as cales está a emisión do informe económico definitivo co valor do buque no momento da entrega definido no artigo 11, ditará, se procede e no prazo dun mes, a correspondente resolución de autorización da asunción de débeda a cargo da entidade de que se trate, con indicación do cadro de amortización final.

A solicitude e o certificado presentaranse segundo os modelos que estarán dispoñibles para os beneficiarios na sede electrónica do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade. Estes documentos poderán presentarse en formato electrónico e asinarse electronicamente. En todo caso, deberá quedar acreditada a representación dos asinantes no documento de asunción de débeda, e deberá ser verificada a suficiencia dos poderes do representante perante a Avogacía do Estado no Ministerio de Economía, Industria e Competitividade.

#### Artigo 6. *Contía das axudas.*

O Ministerio de Economía, Industria e Competitividade subvencionará, con cargo aos seus orzamentos, a diferenza entre o tipo de xuro do crédito concedido e o tipo de xuro comercial de referencia (CIRR) do euro na data da súa concesión, cun límite na subvención dun punto porcentual. A porcentaxe de subvención que se vaia conceder, de ser o caso, será determinada pola Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa.

#### Artigo 7. *Solicitude das axudas.*

1. A entidade de crédito, por petición dun dos estaleiros que cumpran coa condición establecida no artigo 3, presentará a solicitude de subvención do tipo de xuro, que deberá conter as mencións indicadas no artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, dirixidas á Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa.

2. No caso de créditos sindicados, a solicitude será presentada pola entidade designada como axente, con quen se realizarán todas as xestións, ben que se considerarán beneficiarias todas as entidades integradas no crédito sindicado, de acordo co previsto no artigo 11 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

3. A entidade de crédito solicitará a subvención ao tipo de xuro mediante a presentación dun formulario electrónico, á súa disposición na sede electrónica do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade, que conterá a información que figura no anexo I deste real decreto, asinado pola persoa apoderada pola entidade de crédito e ao cal se lle xuntará a seguinte documentación:

- a) Contrato de crédito en que se fixen as súas condicións.
- b) Acreditación válida do poder do asinante da solicitude.
- c) Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, só no caso en que o solicitante non autorice que o órgano concedente obteña de forma directa tal acreditación a través de certificados electrónicos, conforme o establecido no artigo 22.4 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

4. Pola súa parte, tras a presentación da solicitude por parte da entidade de crédito, o estaleiro presentará o formulario electrónico, á súa disposición na sede electrónica do

Ministerio de Economía, Industria e Competitividade, que conterá a información que figura no anexo II deste real decreto, asinado por persoa apoderada do estaleiro e ao cal se lle xuntará, pola súa vez, a seguinte documentación:

- a) Contrato de construción ou de transformación asinado polo armador e polo estaleiro, con todos os anexos, addendas ou cartas relativas a tal contrato, de existiren, e que poidan afectar a determinación do valor do buque.
- b) Proxecto que deberá incluír a especificación da construción ou transformación, o plano de disposición xeral do buque, así como un orzamento da obra.
- c) Permiso de construción expedido pola Dirección Xeral da Mariña Mercante ou permiso de transformación, de ser o caso, se resulta exigible pola normativa aplicable.
- d) Para as transformacións, certificado de arqueo bruto (GT) do buque despois das obras.

5. As solicitudes da subvención do tipo de xuro presentaranse cando se dispoña da documentación indicada, non máis tarde de dous meses desde a data de outorgamento do crédito e nunca con posterioridade á data de entrega do buque.

#### Artigo 8. *Instrución e resolución do procedemento.*

1. O órgano competente para instruír o procedemento é a Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa, que será o encargado do seguimento das axudas.

O órgano competente para a instrución realizará, de oficio, cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

A avaliación das solicitudes levaraa a cabo persoal funcionario da Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa e farase por rigorosa orde de entrada e cando se dispoña da totalidade da documentación exixida no artigo 7.

Para emendar e mellorar a solicitude observarase o disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou precepto que o substitúa.

A subvención calcularase de conformidade co previsto no artigo 6 deste real decreto.

O órgano instrutor formulará a proposta de resolución, debidamente motivada, notificarállela aos interesados e concederá un prazo de 10 días para presentar alegacións.

Examinadas as alegacións aducidas, de ser o caso, polos interesados, o órgano instrutor elevará a proposta de resolución definitiva ao órgano competente para resolver.

2. O órgano competente para resolver o procedemento é o ministro de Economía, Industria e Competitividade, sen prexuízo das delegacións existentes na materia.

A resolución será motivada e quedarán acreditados os seus fundamentos.

O prazo máximo para a resolución do procedemento e a súa notificación é de seis meses contados desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro electrónico do departamento ministerial. Se, transcorrido ese prazo, o órgano competente para resolver non notificase a resolución, os interesados estarán lexitimados para entender desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

#### Artigo 9. *Xustificación, seguimento e control das axudas.*

Semestralmente e ata a última devindicación de xuros, o beneficiario enviará á Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa unha certificación dos xuros liquidados e pagados, a subvención devindicada e a situación do crédito, subscrita pola persoa apoderada responsable, ou validará a proposta da dita dirección xeral, segundo o modelo dispoñible para o efecto na sede electrónica do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade.

Artigo 10. *Pagamento das axudas.*

O Ministerio de Economía, Industria e Competitividade aboará ao beneficiario esta subvención semestralmente, unha vez que queden certificados, segundo indica o artigo 9, a súa devindicación, o pagamento dos xuros e a situación do crédito, segundo se dispoña no rexistro electrónico do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade, e quede acreditada a condición de beneficiario en cada devindicación segundo os números 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

O beneficiario poderá solicitar, mediante un contrato privado cunha cesión irrevogable do cobramento, recibir os aboamentos a través dun terceiro.

Artigo 11. *Comprobación da actuación susceptible de axuda.*

O acreditado deberá presentar o formulario electrónico que figura no anexo III deste real decreto, xunto coa seguinte documentación para a comprobación da actuación susceptible de axuda nos seis meses seguintes á entrega do buque:

a) As contas anuais do acreditado, referentes ao último exercicio social cerrado antes de finalizar o prazo de presentación da documentación, onde figure o crédito recibido, e xunto co informe de auditoría de contas correspondente. Na súa falta, un balance do acreditado, onde figure o crédito recibido, referido a unha data comprendida dentro dos seis meses anteriores á presentación da documentación, e xunto co informe dun auditor independente. En caso de que unha sociedade do grupo, multigrupo ou asociada do acreditado asumise as obrigacións do crédito, este requisito referirase ás contas anuais do grupo, en caso de que exista obrigación de consolidar, ou de non existir esta obrigación e se o crédito recibido non figura nas contas anuais individuais do acreditado, a un balance consolidado *ad hoc* de ambas as sociedades referido aos seis meses anteriores á presentación da documentación xunto co informe dun auditor independente.

b) Copia do certificado de arqueo en GT, expedido pola Dirección Xeral da Mariña Mercante ou pola autoridade ou organismo competente. De ser o caso, copia do certificado de navegabilidade e copia da acta de probas oficiais expedidos pola Dirección Xeral da Mariña Mercante ou pola autoridade ou organismo competente. Para o caso das transformacións e reformas en territorio español de buques de pavillón estranxeiro que non requiran autorización previa do proxecto correspondente, outorgada pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, o estaleiro deberá presentar a comunicación previa e a declaración responsable ante a Dirección Xeral da Mariña Mercante dous meses antes da entrega do buque á Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa, para que un funcionario público poida visitar a obra obxecto do financiamento subvencionado.

c) Detalle do peche contable da obra de construción ou transformación do buque en que, como mínimo, se acredite suficientemente a liquidación desta entre o armador e o estaleiro. Tal documentación deberá ser certificada nun informe que deberá emitir un auditor e expresará con detalle as alteracións acordadas en relación co prezo final do buque, con indicación do seu motivo (extras, aboamentos, partidas a revisión directa, subministracións de armador, reducións de equipamentos, penalizacións, etc.).

d) Para as construcións, folia de asento actualizada coa entrega do buque ao armador, do rexistro marítimo correspondente.

No suposto de que o acreditado sexa un suxeito distinto do estaleiro, a documentación detallada nas alíneas b), c) e d) deberá ser proporcionada polo estaleiro ao acreditado para a súa presentación como parte da documentación adxunta ao formulario do anexo III.

A Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa poderá solicitar á Dirección Xeral da Mariña Mercante a documentación da súa competencia que considere necesaria para determinar que as características técnicas principais do buque obxecto de financiamento subvencionado, comunicadas na concesión, coinciden coas do buque no momento da entrega.

Unha vez recibida toda esta documentación, no prazo de dous meses, o órgano instrutor emitirá un informe económico definitivo co valor do buque no momento da entrega.

## Artigo 12. *Compatibilidade das axudas.*

1. Para a compatibilidade destas axudas observarse o disposto no Regulamento (UE) n.º 1233/2011 do Parlamento Europeo e do Consello. A este respecto, o acreditado deberá comunicar se ten concedidas ou pendentes de concesión outras axudas para o financiamento do buque cuxa construción ou transformación é obxecto de subvención ao abeiro deste real decreto, na forma prevista no anexo III.

2. O apoio oficial aos créditos concedidos polas entidades de crédito para a construción ou transformación de buques regulado neste real decreto será compatible cos créditos concedidos polo Fondo para a Internacionalización da Empresa (Fiem) para os ditos buques. O acreditado está obrigado a comunicar á Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa que o Fiem concedeu un crédito para o buque. Neste caso, o valor máximo do crédito subvencionado por este real decreto será o 40 por cento do valor do buque determinado pola Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa.

## Artigo 13. *Publicidade.*

De acordo cos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, remitirase á Base de datos nacional de subvencións a información sobre estas axudas.

## Artigo 14. *Infraccións e sancións.*

Nos supostos de infraccións administrativas en materia de subvencións e axudas públicas, será de aplicación o previsto no título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no título IV do seu regulamento.

As infraccións poderán ser cualificadas como leves, graves ou moi graves, de acordo cos artigos 56, 57 e 58 da citada Lei 38/2003, do 17 de novembro. A potestade sancionadora por incumprimento exercerase de acordo co establecido no artigo 66 da mesma lei.

## Artigo 15. *Causas de anulación e de reintegro das axudas. Incumprimentos parciais.*

1. Con independencia das devolucións que procedan de acordo coas causas de invalidez da resolución de concesión da subvención previstas no artigo 36 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, procederá o reintegro, total ou parcial, e a existencia do xuro de demora desde a data do pagamento da subvención ata que se acorde a procedencia do seu reintegro ao beneficiario, é dicir, a entidade financeira ou de crédito, nos supostos regulados no artigo 37 da citada lei, así como nos demais previstos expresamente polo presente real decreto.

2. O incumprimento dos requisitos establecidos neste real decreto e nas demais normas aplicables, así como das condicións que, de ser o caso, se establecesen na correspondente resolución de concesión, dará lugar á perda do dereito ao cobramento da subvención ou, de ser o caso, logo do oportuno procedemento de reintegro, á obrigaçión de devolver as subvencións ao tipo de xuro percibidas máis os xuros de demora correspondentes ao beneficiario, é dicir, a entidade financeira ou de crédito, no momento de detectarse o incumprimento, conforme o disposto no título II, capítulo I da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no título III do seu regulamento.

3. No caso de incumprimentos parciais, e sempre e cando o cumprimento se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e o interesado acredite unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, determinarase a cantidade que deberá reintegrar o beneficiario, é dicir, a entidade financeira ou de crédito, consonte o principio de proporcionalidade e en función dos custos xustificadas e das actuacións acreditadas, de conformidade co disposto no artigo 37.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, en relación co número 3.n) do artigo 17 da dita lei.



En particular, unha vez estudada a documentación xustificativa da actuación susceptible de axuda, segundo o disposto no artigo 11 do presente real decreto, procederá a perda do dereito ao cobramento do importe da subvención, de modo que se o valor do buque no momento da entrega resultar inferior en máis dun 5 por cento ao valor do buque calculado no momento da concesión, a subvención que se pagará reducirase na mesma proporción ao longo da vida do crédito, logo de acordo de inicio de perda do dereito ao cobramento e resolución correspondente. No caso de se ter empezado a cobrar a subvención, o exceso das cantidades percibidas reintegrarase cos xuros de demora calculados desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro.

4. A cancelación do contrato de construción ou transformación do buque ou do contrato de financiamento do buque, antes da súa entrega, será causa da perda do dereito ao cobramento da subvención ou, de ser o caso, de reintegro da subvención recibida máis os correspondentes xuros de demora por parte do beneficiario, é dicir, a entidade financeira ou de crédito.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio.*

No caso de operacións de financiamento de contratos de construción de buques que, realizadas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, non puidesen ser atendidas ao abeiro do anterior Real decreto 442/1994, do 11 de marzo, sobre primas e financiamento á construción naval, poderá reiterarse a solicitude de axuda de acordo coas normas do presente real decreto, con independencia de que se entregase o buque e sempre que se dean os seguintes requisitos:

- a) Que no momento de formularse a primeira solicitude se cumprisen as condicións do Real decreto 442/1994, do 11 de marzo, ou que, non cumpríndose esas condicións, os contratos de construción fosen asinados con posterioridade ao 5 de maio de 2016.
- b) Que a nova solicitude se presente dentro do prazo de catro meses contado desde a entrada en vigor do presente real decreto.
- c) Que se realizasen as adaptacións pertinentes nas operacións de financiamento para cumprir, na fase en que se encontre a operación e na data de presentación da nova solicitude, todos os requisitos establecidos nesta norma.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

1. Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao disposto no presente real decreto.
2. Quedan derogadas expresamente as seguintes disposicións:
  - a) O Real decreto 442/1994, do 11 de marzo, sobre primas e financiamento á construción naval.
  - b) A Orde do 26 de setembro de 1994, do Ministerio de Industria e Enerxía, pola que se aproba o Regulamento de primas e financiamento á construción naval.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento e aplicación.*

Autorízase o ministro de Economía, Industria e Competitividade para, no ámbito das súas competencias, ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do presente real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición derradeira cuarta. *Período de vixencia.*

O período de vixencia do presente real decreto finaliza o 31 de decembro de 2020.

Dado en Madrid o 29 de setembro de 2017.

FELIPE R.

O ministro de Economía, Industria e Competitividade,  
LUIS DE GUINDOS JURADO

## ANEXO I

### Solicitud de subvención ao tipo de xuro

1. Datos do solicitante.

Sociedade:

CIF:

Domicilio:

Nome do representante:

Cargo do representante:

2. Datos do acreditado.

Sociedade:

CIF:

Domicilio:

País onde radica a sociedade:

3. Datos do buque que se pretende construír ou transformar.

Armador contractual:

Estaleiro construtor/transformador:

Número de construción<sup>(1)</sup>:

Tipo de buque<sup>(2)</sup>:

Data de contrato:

Data de entrega:

4. Datos do crédito que se vai conceder.

Prezo do buque<sup>(3)</sup>:

Importe do crédito subvencionado, para efectos do artigo 5.3 do presente real decreto:

Xuros devindicados ata a entrega:

Crédito concedido:

Moeda:

Data de formalización:

Tipo de xuro:

Datas de liquidación de xuros:

Prazo de carencia:

Prazo de amortización:

Amortizacións:

5. Declaracións da entidade financiadora.

Mediante a sinatura da presente solicitude, o representante da entidade financiadora declara baixo a súa responsabilidade o seguinte:

a) Que o contrato de crédito obxecto desta solicitude entrou en vigor anteriormente á data de sinatura desta solicitude.

b) Que a entidade financiadora non ten débedas por reintegro de axudas ou préstamos coa Administración, nin está suxeita a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión Europea que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

c) Que a entidade financiadora non está incurso en ningunha das prohibicións a que se refire o artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, en cumprimento do establecido nos artigos 26 e 27 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

<sup>(1)</sup> No caso de transformación, o número de obra interno.

<sup>(2)</sup> No caso de transformación, referirase ao tipo de buque transformado.

<sup>(3)</sup> No caso de transformación, prezo contractual da transformación.

6. Cumprimento de obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social<sup>(4)</sup>.

- A entidade financiadora autoriza a DXIPEME para que obteña, de forma directa a través de certificados electrónicos, acreditación do cumprimento por parte da entidade financiadora das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, de conformidade co establecido no artigo 22.4 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.
- Xúntase á presente solicitude a correspondente acreditación do cumprimento por parte da entidade financiadora das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social.

## 7. Comunicación da asunción de obrigacións derivadas do crédito por unha sociedade do grupo, multigrupo ou asociada do acreditado.

Unha sociedade do grupo, multigrupo ou asociada do acreditado asumiu as obrigacións derivadas do crédito:

- Non  
 Si

Denominación da sociedade	NIF	Data de asunción das obrigacións do crédito

## Datos da disposición do crédito.

Datas e cantidades previstas:

Data	Cantidade

## 8. Datos da amortización do crédito.

Datas e cantidades previstas:

Data	Cantidades amortizadas	Saldo vivo

<sup>(4)</sup> Elíxase unha opción marcando o recadro correspondente.

9. Datos da subvención de xuros.

Datas e cantidades previstas:

Data de devindicación	Subvención

Documentación que se debe xuntar coa presente solicitude:

- a) Contrato de crédito en que se fixen as súas condicións.
- b) Acreditación válida do poder do asinante da solicitude.
- c) Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, só no caso de que o solicitante non autorice que o órgano concedente obteña de forma directa esa acreditación a través de certificados electrónicos, conforme o establecido no artigo 22.4 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

## ANEXO II

**Información achegada polo estaleiro construtor/transformador en relación coa solicitude de subvención ao tipo de xuro**

## 1. Datos do estaleiro construtor/transformador.

Sociedade:

CIF:

Domicilio:

Nome do representante:

Cargo do representante:

## 2. Datos do buque que se pretende construír ou transformar.

Armador contractual:

Número de construción<sup>(1)</sup>:Tipo de buque<sup>(2)</sup>:

Data de contrato:

Data de entrega:

2.1 Características técnicas (segundo formulario electrónico).

2.2 Resumo do orzamento (segundo formulario electrónico).

2.3 Condicións do contrato de construción (segundo formulario electrónico).

2.4 Programa de construción (segundo formulario electrónico).

## 3. Declaracións do estaleiro construtor/transformador.

Mediante a sinatura da presente comunicación, o representante do estaleiro construtor/transformador declara, baixo a súa responsabilidade, que o contrato de construción/transformación do buque referido no número 2 entrou en vigor na data de sinatura desta comunicación.

4. Cálculo do arqueo bruto (GT) e do arqueo bruto compensado (CGT)<sup>(3)</sup>. Proxecto de construción do buque:

GT	
CGT	

 Proxecto de transformación do buque:

GT	
----	--

Documentación que se debe xuntar coa presente comunicación:

a) Contrato de construción ou de transformación asinado polo armador e polo estaleiro, con todos os anexos, addendas ou cartas relativos a tal contrato, de existiren, e que poidan afectar a determinación do valor do buque.

b) Proxecto que deberá incluír a especificación da construción ou transformación e o plano de disposición xeral do buque, así como un orzamento da obra.

c) Permiso de construción expedido pola Dirección Xeral da Mariña Mercante ou permiso de transformación, de ser o caso, se resulta exigible pola normativa aplicable.

d) Para as transformacións, certificado de arqueo bruto (GT) do buque despois das obras.

<sup>(1)</sup> No caso de transformación, o número de obra interno.

<sup>(2)</sup> No caso de transformación, referirase ao tipo de buque transformado.

<sup>(3)</sup> Elíxase unha opción marcando o recadro correspondente.

## ANEXO III

**Información xustificativa da actuación subvencionada achegada polo acreditado**

## 1. Datos do acreditado.

Sociedade:

CIF:

Domicilio:

Nome do representante:

Cargo do representante:

## 2. Datos do buque construído ou transformado.

Estaleiro construtor/transformador:

Armador contractual:

Número de construción<sup>(1)</sup>:Tipo de buque<sup>(2)</sup>:

Data de contrato:

Data de entrega:

## 3. Declaracións do acreditado.

Mediante a sinatura do presente cuestionario, o representante do acreditado declara, baixo a súa responsabilidade, o seguinte:

a) Que o crédito que deu lugar á subvención ao tipo de xuro obxecto desta comunicación foi recibido na súa totalidade para a construción do buque citado no número 2.

b) En relación coa posible concesión doutras axudas:

Que, para a construción/transformación do buque referido no número 2, o acreditado non ten concedida nin pendente de concesión ningunha axuda para o financiamento marxe da subvención ao tipo de xuro obxecto desta comunicación.

Que, para a construción/transformación do buque referido no número 2, o acreditado ten concedidas ou pendentes de concesión as seguintes axudas para o financiamento:

Axuda	Administración outorgante	Data da resolución	Importe da axuda

<sup>(1)</sup> No caso de transformación, o número de obra interno.

<sup>(2)</sup> No caso de transformación, referirase ao tipo de buque transformado.

Documentación que se debe xuntar coa presente comunicación:

a) As contas anuais do acreditado, referentes ao último exercicio social cerrado antes de finalizar o prazo de presentación da documentación, onde figure o crédito recibido, e xunto co informe de auditoría de contas correspondente. Na súa falta, un balance do acreditado, onde figure o crédito recibido, referido a unha data comprendida dentro dos seis meses anteriores á presentación da documentación, e xunto co informe dun auditor independente. En caso de que unha sociedade do grupo, multigrupo ou asociada do acreditado asumise as obrigacións do crédito, este requisito referirase ás contas anuais do grupo, en caso de que exista obrigación de consolidar, ou de non existir esta obrigación e se o crédito recibido non figura nas contas anuais individuais do acreditado, a un balance consolidado *ad hoc* de ambas as sociedades referido aos seis meses anteriores á presentación da documentación xunto co informe dun auditor independente.

b) Copia do certificado de arqueo en GT, expedido pola Dirección Xeral da Mariña Mercante ou pola autoridade ou organismo competente. De ser o caso, copia do certificado de navegabilidade e copia da acta de probas oficiais expedidos pola Dirección Xeral da Mariña Mercante ou pola autoridade ou organismo competente<sup>10</sup>. Para o caso das transformacións e reformas en territorio español de buques de pavillón estranxeiro que non requiran autorización previa do proxecto correspondente, outorgada pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, o estaleiro deberá presentar a comunicación previa e a declaración responsable ante a Dirección Xeral da Mariña Mercante dous meses antes da entrega do buque á DXIPEME, para que un funcionario público poida visitar a obra obxecto do financiamento subvencionado.

c) Detalle do peche contable da obra de construción ou transformación do buque en que, como mínimo, se acredite suficientemente a liquidación desta entre o armador e o estaleiro, con revisión dos xustificantes de pagamento. Tal documentación deberá ser certificada nun informe que deberá emitir un auditor e expresará con detalle as alteracións acordadas en relación co prezo final do buque, con indicación do seu motivo (extras, aboamentos, partidas a revisión directa, subministracións de armador, reducións de equipamentos, penalizacións, etc.)<sup>(3)</sup>

d) Para as construcións: folia de asento actualizada, coa entrega do buque ao armador, do rexistro marítimo correspondente.

<sup>(3)</sup> Débella proporcionar o estaleiro ao acreditado para a súa presentación.